



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 233

VIII lexislatura

19 de maio de 2010

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.5. Mocións

##### 3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0051(32988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José

Sobre aplicación durante o ano 2009 do Plan de choque contra o desemprego, posteriormente denominado como "Medidas urxentes fronte á crise". (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 23416, publicada no BOPG núm. 178, do 24.02.2010, e debatida na sesión plenaria do 27.04.2010) [66449](#)

- 08/MOC-0052(33011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as presuntas irregularidades nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración autonómica, as medidas para evitar filtracións e garantir a imparcialidade nas probas e a

reforma dos seus procedementos de elaboración e exame (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 23473, publicada no BOPG núm. 204, do 06.04.2010, e debatida na sesión plenaria do 27.04.2010)

[66449](#)

- 08/MOC-0053(33041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o abandono da política forestal e a perda de emprego que xera esta situación (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 23219, publicada no BOPG núm. 178, do 24.02.2010, e debatida na sesión plenaria do 27.04.2010) [66449](#)

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-0092 (3028)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Goberno central para reforzar os medios persoais e materiais do Servizo de Vixilancia Aduaneira que opera no litoral galego [66449](#)

- 08/PNP-0460(29126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e Rodríguez González, Román

Sobre a solicitude ao Ministerio de Fomento da contratación conxunta no ano 2010 do proxecto e da obra do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo [66450](#)

- 08/PNP-0525(31384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e tres deputados máis

Sobre a remisión ao Parlamento de Galicia, para o seu debate, dos axustes propostos pola Xunta de Galicia nos capítulos de gasto, consellarías e programas, derivados da redución dos ingresos previstos no orzamento de 2010 [66450](#)

- 08/PNP-0532(31882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a incorporación de cláusulas sociais na contratación pública da Xunta de Galicia [66450](#)

### 3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNP-0530 (31864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre aprobación das normas de desenvolvemento da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto lexislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, e a tutela e supervisión das da transmisión dos seus activos en empresas dos sectores estratéxicos [66451](#)

- 08/PNP-0538(32006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a compensación ás explotacións galegas que resultan discriminadas pola aplicación das bases da Orde da Consellería do Medio Rural do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas para o ano 2010 [66451](#)

## 3.7. Outras propostas de resolución

### 3.7.2. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 11 de maio de 2010, con motivo do Día internacional contra a homofobia [66451](#)

## 9. Informacións e correccións de erros

### 9.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 206, do día 8 de abril de 2010, dos acordos da Mesa do Parlamento do 6 de abril de 2010, en relación co acordo de asignación a Comisión da seguinte pregunta [08/POC-2992 (29301)] [66452](#)

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.5. Mocións

##### 3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 11 de maio de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0051(32988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Tomé Roca, José

Sobre aplicación durante o ano 2009 do Plan de choque contra o desemprego, posteriormente denominado como “Medidas urxentes fronte á crise”. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 23416, publicada no BOPG núm. 178, do 24.02.2010, e debatida na sesión plenaria do 27.04.2010)

BOPG núm. 226, do 06.05.2010

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0052(33011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as presuntas irregularidades nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público na Administración autonómica, as medidas para evitar filtracións e garantir a imparcialidade nas probas e a reforma dos seus procedementos de elaboración e exame (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 23473, publicada no BOPG núm. 204, do 06.04.2010, e debatida na sesión plenaria do 27.04.2010)

BOPG núm. 226, do 06.05.2010

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0053(33041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre o abandono da política forestal e a perda de emprego que xera esta situación (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 23219, publicada no BOPG núm. 178, do 24.02.2010, e debatida na sesión plenaria do 27.04.2010)

BOPG núm. 226, do 06.05.2010

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

###### 3.6.1.3. Proposicións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 11 de maio de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 08/PNP-0092 (3028)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Goberno central para reforzar os medios persoais e materiais do Servizo de Vixilancia Aduaneira que opera no litoral galego

BOPG núm. 39, do 24.06.2009

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade con modificacións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que desenvolva as xestións oportunas de cara a reforzar os medios materiais e persoais do Servizo de Vixilancia Aduaneira que opera no litoral galego e, dun xeito especial, de cara a garantir as seguintes cuestións:

a) A operatividade das embarcacións das que fai uso este servizo no desenvolvemento das funcións que ten atribuídas pola lexislación vixente, modernizando ou substituíndo aquelas que así o precisen pola súa situación ou especial obsolescencia, e nomeadamente:

1º) Incrementar o número de embarcacións medias e de alta velocidade, cando menos nas bases da Coruña e Vigo.

2º) Substituír as embarcacións con problemas de operatividade, en función da súa antigüidade, limitación de velocidade, etc., cando menos nas bases de Ribadeo e Muros.

3º) Manter de xeito indefinido un patrulleiro de altura con base no porto galego.

4º) Renovar a frota de vehículos.

b) A cobertura aérea en todo o litoral galego para operacións de vixilancia, patrulla, persecución e interceptación, para o que se incrementarán as horas de autonomía de voo que actualmente teñen os helicópteros adscritos ao servizo.

c) A suplencia do persoal que traballa neste servizo, para o que se eliminará a precariedade actual, e a falta de cobertura de moitas baixas en situación de xubilación ou por outros motivos.

d) A convocatoria das prazas precisas para posibilitar o incremento de persoal do SVA destinado en Galicia co fin de garantir a plena operatividade das unidades navais existentes, das oficinas de investigación e do escáner de Vigo, así como o relevo xeracional do actual cadro de persoal.

e) A implementación das funcións de control, especialmente mediante o despregamento no litoral galego do denominado Servizo Integrado de Vixilancia Exterior (SIVE), como instrumento necesario para combater o tráfico de drogas, o contrabando e o tráfico de substancias ilícitas.

f) O asinamento dun convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria e a Dirección Xeral da Mariña Mercante co obxecto de facilitar o intercambio de información relevante para a loita contra o narcotráfico, sen menoscabo ningún das funcións de control do tránsito mariño propias do Sasemar e do Centro Zonal CS.Fisterra.»

- 08/PNP-0460(29126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e Rodríguez González, Román  
Sobre a solicitude ao Ministerio de Fomento da contratación conxunta no ano 2010 do proxecto e da obra do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo

BOPG núm. 206, do 08.04.2010

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade con modificacións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitar que no ano 2010 se contrate conxuntamente o proxecto de obra do Ave Vigo-Ourense por Cerdedo para acelerar a execución desta liña.»

- 08/PNP-0525(31384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e tres deputados máis

Sobre a remisión ao Parlamento de Galicia, para o seu debate, dos axustes propostos pola Xunta de Galicia nos capítulos de gasto, consellarías e programas, derivados da redución dos ingresos previstos no orzamento de 2010

BOPG núm. 220, do 28.04.2010

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade con modificacións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a remitirlle á Cámara galega as retencións de crédito propostas polo Executivo nos capítulos de gasto, consellarías e programas derivados da redución dos ingresos previstos no orzamento de 2010 e o seu debate en comparecencia na Comisión 3.<sup>a</sup> da Consellería de Facenda.»

- 08/PNP-0532(31882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio, e Suárez Canal, Alfredo

Sobre a incorporación de cláusulas sociais na contratación pública da Xunta de Galicia

BOPG núm. 220, do 28.04.2010

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade con modificacións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta o Goberno:

1. A afondar na utilización da contratación pública como instrumento de loita contra a exclusión social e, en particular, a

favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade e doutros colectivos con especiais dificultades de acceso ao emprego, para o que se incorporarán cláusulas sociais en todo o iter contractual, desde a definición do obxecto do contrato até a súa execución, pasando pola selección dos contratistas.

2. Asegurar, con participación do Parlamento, que os traballos que están a realizar os órganos técnicos creados no seo da Xunta Consultiva de Contratación para a aplicación de cláusulas sociais na contratación do sector público galego se trasladan canto antes a normas ou instrucións de aplicación xeral a todos os órganos de contratación.»

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010

José Manuel Baltar Blanco  
Vicepresidente 1.º

#### 3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 11 de maio de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNP-0530 (31864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Blanco Álvarez, Fernando Xabier

Sobre aprobación das normas de desenvolvemento da Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, e a tutela e supervisión das da transmisión dos seus activos en empresas dos sectores estratéxicos

BOPG núm. 220, do 28.04.2010

Sométese a votación e resulta rexeitada por 11 votos a favor, 37 votos en contra e 25 abstencións.

- 08/PNP-0538(32006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a compensación ás explotacións galegas que resultan discriminadas pola aplicación das bases da Orde da Consellería do Medio Rural do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e

á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas para o ano 2010  
BOPG núm. 220, do 28.04.2010

Sométese a votación e resulta rexeitada por 25 votos a favor, 37 votos en contra e 11 abstencións.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010

José Manuel Baltar Blanco  
Vicepresidente 1.º

### 3.7. Outras propostas de resolución

#### 3.7.2. Declaracións institucionais

##### Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 11 de maio de 2010, con motivo do Día internacional contra a homofobia

O Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 11 de maio de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación polo Pleno por asentimento

- 08/DEC-0015

Pleno do Parlamento

Declaración institucional do Parlamento de Galicia do Día internacional contra a homofobia.

«Cando se cumpren vinte anos dende que a Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde suprimiu a homosexualidade da súa lista de enfermidades mentais, é necesario mostrar a nosa solidariedade cos millóns de persoas que en todo o mundo seguen a sufrir graves discriminacións por razón da orientación sexual ou identidade de xénero e facer un chamamento á cidadanía e ás institucións públicas para erradicar a homofobia e a transfobia.

Os avances producidos a nivel legal para a erradicación das discriminacións por orientación sexual non eliminan a persistencia desta na nosa sociedade. Por iso é un labor das institucións traballar na loita contra estas discriminacións.

Tanto os poderes públicos coma os cidadáns e as cidadás temos a obriga de axudar a sensibilizar e traballar a prol da igualdade real das persoas.

A información e a educación son os camiños para acadar unha sociedade máis xusta, onde as persoas poidan vivir en sintonía coa súa orientación sexual en todas as nosas vilas e cidades. O contexto actual esixe unha visibilidade máis cotiá que ofrezca a realidade do colectivo homosexual e transexual en toda a súa diversidade dunha maneira positiva.

Os poderes públicos tamén deben loitar contra a transfobia e a homofobia en todos os ámbitos da sociedade, especialmente durante a adolescencia, cando se está formando a personalidade e somos máis vulnerables, polo que se deben facer plans especiais contra o *bullying*.

É importante lembrar que a nivel internacional a homofobia e a transfobia e a bifobia poden ter forma da lei que condena as relacións sexuais entre persoas do mesmo sexo, como acontece en oitenta países, ou incluso pena de morte, como acontece en oito nacións.

O Parlamento de Galicia condena estas discriminacións por motivos de orientación ou identidade sexual ou de xénero e considera que deben ser erradicadas, apoia a declaración do Día internacional contra a homofobia, transfobia e bifobia e traballará para que a ONU urxa dos estados que tomen todas as medidas necesarias, lexislativas ou administrativas, para asegurar que a orientación sexual ou identidade de xénero non poida ser, baixo ningunha circunstancia, base para a acción penal.

O Parlamento de Galicia comprométese a traballar activamente contra a homofobia, a transfobia e a bifobia e a efectivizar as previsións legais que prohiben a discriminación por razón de orientación sexual.»

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2010

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

## 9. Informacións e correccións de erros

### 9.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 206, do día 8 de abril de 2010, dos acordos da Mesa do Parlamento do 6 de abril de 2010, en relación co acordo de asignación a Comisión da seguinte pregunta [08/POC-2992 (29301)]**

Advertido un erro na publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 206, do 8 de abril de 2010, relativo á execución dos acordos da Mesa do día 6 de abril de 2010, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

#### 4. Procedementos de información

##### 4.3. Preguntas

##### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

“Onde di:

- 08/POC-2992(29301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa, e Suárez Canal, Alfredo  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso das medidas e actuacións previstas no Proxecto integral de reactivación da Baixa Limia, nomeadamente a dotación dun parque empresarial e a construción dunha ponte entre Santa Comba (en Bande) e O Rañadoiro, en Muíños, para unir as dúas marxes do encoro  
BOPG núm. 206, do 08.04.2010

Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Debe dicir:

- 08/POC-2992(29301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa, e Suárez Canal, Alfredo  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso das medidas e actuacións previstas no Proxecto integral de reactivación da Baixa Limia, nomeadamente a dotación dun parque empresarial e a construción dunha ponte entre Santa Comba (en Bande) e O Rañadoiro, en Muíños, para unir as dúas marxes do encoro  
BOPG núm. 206, do 08.04.2010

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2010.

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727